

MARÍA J. WONENBURGER

na Biblioteca da Facultade de Informática

Fondo

Maria J Wonenburger

María J. Wonenburger Planells

(1927 – 2014)



Fotografía: Fernando Bellas

María Wonenburger nace o 19 de xullo de 1927 en Montrove (Oleiros).

Na súa infancia mostrou unha grande paixón polo cálculo matemático o que marcará o seu desenvolvemento educativo

Ao rematar a ensinanza de Secundaria no instituto coruñés Eusebio da Guarda, no ano 1945 matricúlase na Universidade Central de Madrid para cursar estudos de Matemáticas.



Fonte:

álbum fotográfico de María J. Wonenburger



Na Universidade interésase polos temas de álgebra tradicional, ecuacións diferenciais, Variable Complexa e a Xeometría Descritiva e profundiza na súa materia preferida, a Álgebra.

Remata a carreira no ano 1950 e inicia os estudos de doutoramento, comezando a colaborar con profesores como Ernst Witt ou Julio Rey Pastor.



Julio Rey Pastor

Fonte: [Matemáticas Digitales](#)



Ernst Witt

Fonte: [Universität Hamburg](#)



Fonte: álbum fotográfico de María J. Wonenburger

En 1953 marcha a Estados Unidos cunha bolsa Fulbright, para realizar estudos de doutoramento en matemáticas, sendo a primeira española en acadar ese tipo de axuda.

Así comeza os seus estudos na Universidade de Yale baixo a dirección de **Nathan Jacobson**, un dos alxebristas máis destacados do século XX.



Nathan Jacobson



Fonte: [Yale Bulletin & Calendar](#)



Fotografía de grupo: Estancia en Yale de María Wonenburger (1957)

Fonte: Álbum fotográfico de María Wonenburger

En 1957 obtén o título de doutora coa investigación *On the Group of Similitudes and Its Projective Group* dirixida por Nathan Jacobson.




Título de doutora pola Universidade de Yale de María Wonenburger (1957).

Fonte: Álbum fotográfico de María Wonenburger

Tese de María Wonenburger

Fondo María Wonenburger, signatura F-MªW TDI WON



Autor	Wonenburger, María J.
Título	On the group of similitudes and its projective group / María Josefa Wonenburger Planells ; [Director Nathan Jacobson]
Public	1957

En 1958 volve a España e dous anos máis tarde presenta a tese de doutoramento co título *Representación espinorial del grupo unitario* dirixida por Germán Ancochea.

Por razóns burocráticas, ata 2008 María Wonenburger non recibe o título. É neste ano cando a Universidad Complutense de Madrid faille entrega do título de doutora que obtivera cincuenta anos atrás.



Tese de María Wonenburger

Fondo María Wonenburger, signatura F-MªW TDI WON



Autor Wonenburger, María J.
 Título Representación espinorial del grupo unitario / María Josefa Wonenburger Planells; [Director Germán Ancochea Quevedo]
 Public 1960

En 1960 obtén unha bolsa de posdoutoramento para traballar na Queen University en Kingston, Ontario.

En 1962 María J. Wonenburger acepta unha oferta de traballo para dar clases na Universidade de Toronto, sendo a única muller que ocupa un posto de *Assistant Professor* de matemáticas nesta institución.




Fotografía de grupo dos asistentes, María Wonenburger entre eles, a un congreso realizado na Universidade de Kingston, Canadá (195?)

Fonte: Álbum fotográfico de María Wonenburger

Na Universidade de Toronto dirixe a primeira tese de doutoramento do seu alumno

Robert Moody, *Lie Algebras Associated With Generalized Cartan Matrices*, (1966).

Será a orixe das álxebras coñecidas na actualidade co nome de Kac-Moody e polas que a comunidade científica recoñece a Wonenburger como unha matemática de primeira liña.



Tese de Robert Moody dirixida por María Wonenburger
Fondo María Wonenburger, signatura F-M^W TDI MOO



Robert Vaughan Moody

Fonte: [ResearchGate](https://www.researchgate.net/profile/Robert-Vaughan-Moody)

Dende 1967 ata 1983 María Wonenburger é *Full Professor* na Universidade do estado de Indiana onde desenvolve unha importante labor docente e investigadora e dirixe 8 teses de doutoramento.

1971

Gary Joseph Sherman
*Right Partially Ordered Groups
with Operators*

1972

Richard Lawrence Marcuson
Some new B-N pairs

1979


Edward George Gibson
*On the duality and eigenvalues of the finite
unitary reflections groups*

1971

Stephen Berman
On the construction of simple Lie álgebras

1976

Bette Warren
*A study of nilpotent and abelian linear groups
with applications to finite group structure*



1971, Stephen Berman


On the construction of simple Lie álgebras

Fondo María Wonenburger, signatura F-MªW TDI BER




Stephen Berman e María Wonenburger


Fonte: [Oberwolfach Photo Collection](#) . MFO



1971, Gary Joseph Sherman
Right Partially Ordered Groups with Operators
Fondo María Wonenburger, signatura F-M^aW TDI SHE




1972, Richard Lawrence Marcuson
Some new B-N pairs
Fondo María Wonenburger, signatura F-M^aW TDI MAR



1976 , Bette Warren

*A study of nilpotent and abelian linear groups
with applications to finite group structure*

Fondo María Wonenburger, signatura F-M^aW TDI WAR



1979, Edward George Gibson

*On the duality and eigenvalues of the finite unitary
reflections groups*

Fondo María Wonenburger, signatura F-M^aW TDI GIB



1971 , David Allen Cusick
Torsion Submodule, Rational Extension and Corational Epimorphism

Fondo María Wonenburger,
signatura F-M^aW TDI CUS



1975, Mau-Hai Cheng
Non-essential prime ideals

Fondo María Wonenburger,
signatura F-M^aW TDI CHE




1971 , Brian John Winkel
Quotient rings and a generalized ore condition

Fondo María Wonenburger,
signatura F-M^aW TDI WIN

En 1983, por motivos persoais, María regresa á Coruña deixando a carreira docente pero mantén a actividade investigadora.

En 2001 asiste no Banff Centre de Canadá á xornada ***Reflections in Symmetry*** xunto coa súa descendencia matemática.




María Wonenburger e a súa descendencia matemática, xornada *Reflections in Symmetry*, Banff Centre.

Abaixo, da esquerda para a dereita: Nicolae Strungaru, Jeong-Yup Lee e Steven Sullivan;
arriba, da esquerda para a dereita: Arturo Pianzola, Robert V. Moody, Stephen Berman, Keqin Liu e Yun Gao

Fonte: [Oberwolfach Photo Collection, MFO](#)

No ano 2006 a Xunta de Galicia crea o Premio “**María Josefa Wonenburger Planells**” para resaltar as traxectorias relevantes de mulleres nos eidos da ciencia e a tecnoloxía.



É nomeada socia de honra pola Real Sociedade Matemática Española (RSME) e pola Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática (AGAPEMA) no ano 2007.



Real Sociedad Matemática Española



En 2010 a Universidade da Coruña concédelle o Grao de Doutora Honoris Causa

Inicio - Sobre a UDC - Universidade - Honoris causa

Honoris causa

María Wonenburger



A excelentísima señora Dona María Josefa Wonerburger Planells, a quen se lle recoñece, ademais do seu exemplo persoal, a súa admirable traxectoria docente e investigadora no ámbito da Álgebra por desenvolve-la en tempos e circunstancias difíciles en canto muller e científica, fíxose acreedora da máis alta distinción académica da Universidade da Coruña que, na reunión da Mesa do Claustro Universitario do día 30 de xuño de 2010, acordou concederlle o Grao de Doutora Honoris Causa

María Wonenburger, Doutora Honoris Causa pola UDC

Fonte: [Sección Honoris Causa na páxina institucional](#)



José Luis Freire impón o birrete de doutora a María Wonenburger

Fonte: [La Voz de Galicia](#)


30/03/2015 - Proposta de acordo de aceptación da doazón do fondo bibliográfico de María Josefa Wonenburger no Consello de Goberno da UDC

27/05/2015 – Aprobación da aceptación pola Universidade da doazón



Fondo

María J Wonenburger



María Wonenburger no seu estudo

Foto Ramón Escuredo /El Correo Gallego

Fondo María Wonenburger na Biblioteca da Facultade de Informática

Recepción do fondo procedente da biblioteca persoal de María Wonenburger.



As tarefas de recollida e recepción da documentación realízanse de acordo ao protocolo de actuación do Servizo de Biblioteca.

Realízase un primeiro inventario , que serve de base para o informe necesario para finalizar os trámites administrativos da doazón.



O fondo María Wonenburger está formado por un total de 760 documentos: monografías, publicacións periódicas, separatas, teses...

Para asegurar unha axeitada integración deste fondo na colección da biblioteca:

- aplícanse as tarefas técnicas necesarias co fin de facer identificables os recursos contidos;
- habilitase un espazo específico para situar o fondo;
- invístese en recursos materiais;
- faise unha redistribución dos espazos da biblioteca para axeitar a instalación dos novos materiais incorporados;
- o persoal da biblioteca asumiu novas tarefas como consecuencia da aceptación desta doazón.

Fondo

María J Wonenburger





Fondo Bibliográfico:

Documentos destacados

Fondo

Maria J Wonenburger


O interés pola álgebra comeza estudando o bacharelato.
Os libros de **Julio Rey Pastor** serán o seu primeiro referente.





Autor Rey Pastor, Julio.
Título Cálculo infinitesimal
Public Buenos Aires : Mayo, 1944



Julio Rey Pastor
Fonte: [CSIC](#)



Autor Rey Pastor, Julio.
Título Lecciones de álgebra
Public Madrid : [s.n.], 1946-1947



A biografía de **Emmy Noether**, destacada matemática de principios do século XX e que iniciou o estudo das álgebras non conmutativas, figura no fondo recibido.



Emmy Noether

Fonte: [Doodle Finder](#)

Autor Dick, Auguste.

Título Emmy Noether, 1882-1935


Public Boston : Birkhäuser, 1981.

Na súa biblioteca persoal atopamos libros de **Abraham Adrian Albert**, a quen admira.



Abraham Adrian Albert


Fonte: [Mathematical Association of America](http://www.math.illinois.edu/~aluthe/math/Albert.html)



Autor Albert, Abrahan Adrian

Título Simple Lie Algebras of characteristic p

Public Torino : Rosenberg & Sellier, [1954-1955]



Autor Albert, Abrahan Adrian

Título Modern higher algebra

Public Chicago : University of Chicago Press, 1937

Autor Albert, Abrahan Adrian


Título Fundamental concepts of higher algebra

Public Chicago : University of Chicago Press, 1961.

Na Universidade de Yale traballa con **Nathan Jacobson**, un dos alxebristas máis destacados do século XX, especializado en Teoría de aneis, Álxebras de Lie e de Jordan .




Nathan Jacobson
Fonte: [Yale Bulletin](#)



Autor Jacobson, Nathan
Título PI-Algebras : an introduction
Public Berlín [etc.] : Springer, cop. 1975




Autor Jacobson, Nathan.
Título Structure and representations of Jordan algebras
Public Providence, R.I : American Mathematical Society,
1968



Autor Jacobson, Nathan.
Título The theory of rings
Public New York : American Mathematical Society, 1943.

O fondo inclúe abundantes publicacións de N. Jacobson, o seu director de tese.




Autor Jacobson, Nathan.
Título Lie algebras
Public New York, [etc] : John Wiley, 1966 &
New York : Dover, Cop. 1962.




Autor Jacobson, Nathan.
Título Basic algebra / Nathan Jacobson.
Public San Francisco : W.H. Freeman, cop.1974-1980.




Autor Jacobson, Nathan.
Título Structure of rings.
Public Providence, R.I. : American Mathematical
Society, 1968.




Autor Jacobson, Nathan.
Título Lectures in abstract algebra
Volumen I. - Basic concepts
Public Princeton, N.J. ; New York ;
London : Van Nostrand, 1951-1964.





Autor Jacobson, Nathan.
Título Lectures in abstract algebra
Volumen II. - Linear Algebra
Public New York [etc.] : Springer-Verlag, 1975



Autor Jacobson, Nathan.
Título Lectures in abstract algebra
Volumen III. - Theory of fields and Galois Theory
Public Princeton, N.J. ; New York ; London :
Van Nostrand, 1951-1964.





Colabora co profesor **Israel Halperin** (Queen University, Kingston, Ontario, nas investigacións sobre as Álxebras de von Neumann.



Autor Halperin, Israel
Título Introduction to the theory of distributions
Public Toronto : University of Toronto Press,
cop. 1952

Israel Halperin
Fonte: [Mathematical Association of America](https://www.math.utoronto.ca/~halperin/)


Contemporánea súa e dedicada á investigación en álgebra é **Hanna Neumann**, da que a biblioteca dispón dalgúñas obras.




Hanna Neumann
Fonte: [Wikipedia](https://en.wikipedia.org/wiki/Hanna_Neumann)

Autor Neumann, Hanna.
Título Varieties of groups
Public Berlín [etc.] : Springer, 1967.



Paul R. Halmos, compaheiro de María na Universidade de Indiana, especializado en ramas como teoría das probabilidades, estatística, teoría de operadores, teoría ergódica e análise funcional (especialmente sobre os Espazos de Hilbert) é autor de varias obras integradas no fondo.



Paul R. Halmos

Fonte: [Wikipedia](https://en.wikipedia.org/wiki/Paul_R._Halmos)


Autor Halmos, Paul R.
Título Introduction to Hilbert space
and the theory of spectral multiplicity
Public New York : Chelsea Publ. , 1951



Autor Halmos, Paul R.
Título Finite dimensional vector spaces
Public New Jersey : Princeton University Press, [1955]



Autor Halmos, Paul R.
Título Algebraic logic
Public New York : Chelsea, 1962.



Autor Halmos, Paul R.
Título Lectures on boolean algebras
Public Princeton, N.J. : Van Nostrand, 1963.


María estudou en profundidade os *Automorfismos de grupos de semellanzas*. A influencia dos traballos de **Jean Dieudonné** publicados nos anos `50 será decisiva para a súa investigación.
No fondo hai unha boa representación de obras do matemático francés.




Jean Dieudonné
Fonte: Blog à Maths




Autor Dieudonné, J.
Título Teoria dos corpos comutativos
Public São Paulo : Sociedade de matematica de São Paulo, 1947



Autor Dieudonné, J.
Título Sur les groupes classiques
Public Paris : Hermann, 1948



Autor Dieudonné, J.
Título Algebraic geometry
Public [College Park, Maryland] : University of Maryland. Department of Mathematics, 1962.



Autor Dieudonné, J.
Título On the automorphisms of the classical groups
Public New York : American Mathematical Society, 1951.

Algúns dos resultados de Dieudonné sobre o estudo dos grupos clásicos (*grupo de rotacións, o grupo ortogonal...*) son ampliados por María en varios traballos.



Autor Dieudonné, J.
Título Foundations of modern analysis
Public New York ; London : Academic Press, 1962.



Autor Dieudonné, J.
Título Topics in local algebra : lectures delivered at the University of Notre Dame
Public Notre Dame, Ind : University of Notre Dame Press, 1967




Autor Dieudonné, J.
Título Álgebra lineal y geometría elemental
Public Madrid : Selecciones Científicas, 1971

Autor Dieudonné, J.
Título La Géométrie des groupes classiques
Public Berlin [etc.] : Springer-Verlag, 1963

No fondo recóllense tamén importantes obras de **Élie Cartan**, un matemático francés que se centrou na teoría de *grupos de Lie* e os seus usos xeométricos. **André Weil**, coñecido polas súas notables contribucións á *teoría dos números* e á *xeometría alxebraica*, tamén aparece representado na colección.




Élie Cartan

Fonte: Geocaching

Autor Cartan, Elie.

Título Leçons sur la théorie des spineurs.
2, les spineurs de l'espace a trois dimensions

Public Paris : Hermann, 1938




Autor Weil, André.

Título L'intégration dans les groupes
topologiques et ses applications

Public Paris : Hermann, 1953



André Weil

Fonte: Math.info

Autor Weil, André.

Título Basic number theory


Public Berlin [etc.] : Springer-Verlag, 1967

Para completar o conxunto de autores, no fondo podemos destacar tamén as obras de **Claude Chevalley**, que xunto con André Weil comeza un estudo global dos grupos algebraicos.




Claude Chevalley

Fonte: [Springer](https://www.springer.com)




Autor Chevalley, Claude
Título Theory of Lie groups
Public Princeton, N. J. :
Princeton University Press, 1946



Autor Chevalley, Claude
Título Théorie des groupes de Lie
Public Paris : Hermann, 1951-1955




Autor Chevalley, Claude
Título Théorie des groupes de Lie :
groupes algébriques;
théorèmes généraux sur
les algèbres de Lie
Public Paris : Hermann, 1968




Autor Chevalley, Claude
Título The algebraic theory of Spinors
Public Morningide Heights, N. Y. :
Columbia University Press, 1954

J. Dieudonné, A. Weil, C. Chevalley, Henri Cartan formaron parte do **grupo Nicolas Bourbaki**, colectivo de matemáticos franceses con gran impacto na matemática contemporánea.


Algunhas das súas publicacións tamén están entre os documentos recibidos.



Autor Bourbaki, Nicolas
Título Théorie des ensembles.
Chapitre 1, Description de la mathématique formelle.
Chapitre 2, Théorie des ensembles
Public Paris : Hermann, 1966



Autor Bourbaki, Nicolas.
Título Groupes et algèbres de Lie
Public Paris : Hermann, 1975



Autor Bourbaki, Nicolas
Título Algèbre : livre II.
Chapitre 1, Structures algébriques
Public Paris : Hermann, 1951


Entre as materias das que hai máis documentos no fondo destacan as obras de diferentes autores sobre *grupos finitos*.




Autor Aschbacher, Michael
 Título The finite simple groups and their classification
 Public New Haven : Yale University Press, 1980




Autor Puttaswamaiah, B.M.
 Título Modular representations of finite groups
 Public New York, [etc] : Academic Press, 1977




Autor Ledermann, Walter.
 Título Introduction to group characters
 Public Cambridge : Cambridge University Press, 1977



Autor Curtis, Charles W.
 Título Methods of representation theory : with applications to finite groups and orders
 Public New York [etc] : John Wiley and Sons, cop. 1981




Autor Gagen, Terence M.
Título Topics in finite groups
Public Cambridge [etc.] : University Press,
cop. 1976



Autor Gainesville Conference on Finite Groups (1972. University of Florida)
Título Finite groups '72 : proceedings of the ...
Gainesville Conference on Finite Groups, March 23-24, 1972
Public Amsterdam [etc.] : North-Holland, 1973.




Autor Cárdenas Anaya, Humberto
Título Módulos semisimples y representación de
grupos finitos/ Humberto Cárdenas, Emilio Lluis
Public México : F. Trillas, 1970




Autor Serre, Jean Pierre.
Título Representaciones lineales de los grupos finitos
Public Barcelona : Omega, cop. 1970



Autor Seminar on Algebraic Groups and Related Finite Groups (1968 : Princeton, N.J.)
Título Seminar on algebraic groups and related finite groups : held at the Institute for Advanced Study, Princeton/NJ, 1968/69 / A. Borel ... [et al.]
Public Berlin : Springer-Verlag, 1970




Autor Swan, Richard G.
Título K-theory of finite groups and orders
Public Berlin : Springer-Verlag, 1970




Autor Gorenstein, Daniel.
Título Finite groups
Public New York [etc.] : Harper and Row, cop. 1968




Autor Feit, Walter
Título Characters of finite groups
Public New York [etc.] : W. A. Benjamin, 1967




Autor Burrow, Martin.
Título Representation theory of finite Groups
Public New York, (etc) : Academic Press, cop.1965



Autor Wielandt, Helmut.
Título Finite permutation groups
Public New York ; London : Academic, 1964



Autor Miller, G. A.
Título Theory and Applications of Finite Groups /
G.A. Miller, H.F. Blichfeldt, L.E. Dickson
Public New York : Dover, 1961



Autor Curtis, Charles W.
Título Representation theory of finite groups and associative algebras/
Charles W. Curtis, Irving Reiner
Public New York [etc.] : Wiley, 1962



Autor Burnside, W.
Título Theory of Groups of Finite Order
Public Cambridge : Dover Publications, 1955


Pouco antes de finalizar a súa estadía na Universidade de Indiana colabora con Stephen Berman e Robert Moody nun estudo sobre o concepto de *matrices de Cartan finitas e matrices de Cartan con raíces nulas*, publicado na *Indiana University Mathematics Journal* do que temos varios exemplares.

Autor Berman, Stephen

Título Cartan Matrices with Null Roots and Finite Cartan Matrices /
Stephen Berman, Robert Moody & María Wonenburger

Public Indiana : Indiana University, Department of Mathematics, [1972]

Separata de: Indiana University Mathematics Journal, vol 23, n.12



María Wonenburger publicou numerosos artigos en revistas de renome, está referenciada en moitos traballos e citada en varios libros.

As súas importantes contribucións, sobre todo ás *Álxebras de Kac-Moody*, foron moi valoradas pola comunidade matemática internacional.

En España María era unha gran descoñecida. Será o profesor Federico Gaeta quen resalta a súa valía no encontro de xeometría alxebraica na Universidade de Santiago, no ano 2002.

María José Souto Salorio e Ana Dorotea Tarrío Tobar contribuíron definitivamente á súa proxección entre os matemáticos españois e o seu recoñecemento pola sociedade en xeral.



En Santiago, despois de recibir o premio da Unidade Muller e Ciencia, Xunta de Galicia. Diciembre 2006.




María na Universidade da Coruña recibindo o premio Muller, Ciencia Arte, marzo 2007



Homenaxe a María Wonenburger no aniversario do seu pasamento no Paseo da Ciencia do Parque de Santa Margarita, A Coruña (14/06/2015)

Foto: La Opinión A Coruña

Xeocronoloxía



Fontes consultadas

Mathematics Genealogy Project, Department of Mathematics, North Dakota State University. Mathematics Genealogy Project: Maria Josepha Wonenburger [en línea]. Disponible en:

<http://www.genealogy.math.ndsu.nodak.edu/id.php?id=3151>

María Josefa Wonenburger Planells. Unha figura mundial das matemáticas [en línea]. *Culturagalega.org*.

Disponible en: <http://culturagalega.gal/album/detalle.php?id=214>

Pujales, X.E (2007). María Wonenburger ou a paixón pola investigación matemática, *Gamma*, n.º 7, p. 107-109.

Sampayo Yáñez, M (2003). María Josefa Wonenburger Planells, *Gran Enciclopedia Galega*, XLIV, p. 140

Souto Salorio, María José; Tarrío Tobar, Ana Dorotea (2006). María Josefa Wonenburger Planells. Mujer y matemática [en línea]. *La Gaceta de la RSME*, 9 (2), 339-364. Disponible en:

<http://www.rsme.es/comis/mujmat/documentos/Maria.pdf>

Souto Salorio, María José; Tarrío Tobar, Ana Dorotea . Wonenburger Planells, María Josefa (1927-) [en línea]. *DivulgaMAT*. Disponible en:

http://divulgamat2.ehu.es/divulgamat15/index.php?option=com_content&view=article&id=3425%3Awonenburger-planells-+marjosefa-1927-&catid=45%3Abiograf-de-matemcos-espas&directory=67&showall=1

Agradecemento especial a

Ana García Wonenburger

Ana Dorotea Tarrío Tobar

María José Souto Salorio

Equipo de goberno da Universidade da Coruña

Equipo decanal da Facultade de Informática

Persoal da biblioteca da Facultade de Informática